

Cando Silvia Antolín (que está á miña dereita) me preguntou de que cousa debería falar, este director apuntou que podería ser calquera tema que vos animase ao esforzo e á ilusión. A min, díxenlle, apetécame falarlles de mulleres.

Si. Era adecuado falar de mulleres porque a propia doutora Silvia Antolín Nóvoa, alumna que foi deste Instituto hai 25 anos, vén sendo un estimulante exemplo de esforzo, superación e éxito profesional e feminino. Ademais, a súa especialidade médica está estreitamente vinculada ás mulleres: é oncológa no Complexo Hospitalario Universitario d'A Coruña e responsable de importantes traballos de investigación en relación co tratamento do cancro de mama.

Acordoume falar de mulleres tamén porque aquel mesmo día os xornais sinalaban que as rapazas obtiñan máis éxitos escolares ca os homes e un equipo da Televisión Española viñera ao Instituto para facer entrevistas e ilustrar o asunto.

Ademais, aquecía falar de mulleres porque naqueles días Meriam Yehya, dicían os xornais, ía ser executada en Sudán por estar embarazada, por ser cristiá e por ser muller. E acababamos de coñecer que máis de 200 nenas foran secuestradas en Nixeria para seren vendidas como escravas.

É necesario que falemos de mulleres porque, permitídemme, van ser seis as compañeiras (profesoras e membros do persoal do centro) que este ano nos van deixar por xubilación. Que non digo porque debo gardar un segredo pero aludo para que reciban a nosa calor e o noso recoñecemento. Da mesma maneira que aludo e cito a vosa recordada compañeira falecida en Angrois, Carolina, que case vemos aí, á vosa dereita, na festa dos diplomas do ano pasado.

Como sentimos a presenza, aquí diante, do noso querido e inesquecible Óscar Sánchez Vidal, a quen a morte arrincou de nós cruelmente no Nadal, no mesmo hospital coruñés no que traballa Silvia. Que era un profesor (claro) pero de Cultura Clásica, de onde vou coller emprestada a figura da virtuosa esposa de Ulises, para que un poida seguir falando de mulleres: Penélope.

Un paso adiante e outro atrás, Galiza, e a tea dos teus sonos non se move. Lembrades o poema de Xosé María Díaz Castro? Para o poeta homenaxeado no Día das Letras Galegas, Penélope é símbolo da actividade rutineira e improdutiva. O traballo de tecer polo día e destecer pola noite ten a significación dunha Galicia paralizada que non acaba de espertar. Penélope é tamén o símbolo da fidelidade conxugal. O grande Álvaro Cunqueiro, en *Herba aquí e acolá*, preséntaa soñadora e melancólica, intuindo a maxia dos mares que atravesa Ulises ao seguir nunha viaxe onírica o fío do *nobelo nove* que perdeu.

Pero nos últimos tempos Penélope é a muller tradicional que renuncia a realizar os propios soños responsabilizada no seu papel de nai, nora e esposa. Xohana Torres (lembrede, da xeración das Festas Minervais) é a iniciadora poética desta interpretación. Recollendo o fío literario de Cunqueiro, propón que Penélope se rebele para iniciar como Ulises as experiencias do mar. Di:

Así falou Penélope:

*Existe a maxia e pode ser de todos
A que tanto nobelo e tanta historia?
EU TAMÉN A NAVEGAR!*

A poesía feminina galega que vén dos 90 adoptará esta simboloxía. A palabra *navegar* será sinónimo poético de traspasar o teito de cristal que son as pexas tantas veces imperceptibles que impiden á muller transitar os mesmos camiños ca os homes.

Na hora do xantar do día 6, saíu no Telexornal a pequena reportaxe do Instituto. Explicábase que en Galicia por cada 100 homes que se gradúan no bacharelato, fano 137 mulleres. E dábanse outras moitas cifras que amosaban a vantaxe académica das mozas. Con estes e outros datos, non se entende que un avogado do estado, un ministro e un eurodeputado sosteñan superioridade intelectual fronte as mulleres. Polo contrario, este director, ante a insistencia do reporteiro, tivo que responder por dúas veces e torpemente que non existían elementos biolóxicos que xustificasen unha menor capacidade masculina para o estudo. Antonte saíu na miña defensa a relación dos mellores expedientes deste curso. Nesta promoción (relaxémonos, rapaces) hai máis alumnos que alumnas con matrícula de honra.

Tamén entrevistaron a Emma, unha estudante de 4º de ESO A, que dixo: *As mulleres sempre estivemos en desvantaxe fronte aos homes pois quizais nos educan para que estudemos máis e poder chegar a algún lugar, porque os homes, ao mellor, téñeno máis fácil.* Que sabia! Que ben preparada! Súa foi a explicación definitiva aos datos do Ministerio.

Alumnos, alumnas, o primeiro paso está dado. Estades preparadas, estades preparados. Xa van desorballando os prados coma sono. Un bruar de navíos anda a reclamarvos. Un océano está á espera. Non máis pexas nin teitos de cristal. Outro paso adiante e a navegar. Vós tamén, coma Ulises, a navegar, a navegar.

Ourense, 29 de maio de 2014.